

NOME E APELIDOS _____
CURSO E GRUPO _____

A DUDH

1.- Le e contesta.

A Declaración Universal dos Dereitos Humanos foi aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas baixo o lema “Todos os dereitos humanos para todos” (París, 10 de decembro de 1948) e asinada na Asemblea Xeral por 48 dos cincuenta e oito Estados membros, coa abstención de oito e dúas ausencias. É a resposta ao horror ante os feitos que desencadearon, envolveron e liquidaron a Segunda Guerra Mundial, dende as deportacións e exterminios colectivos organizados polo poder nazi dende Alemaña ata as bombas atómicas lanzadas pola aviación estadounidense sobre Hiroshima e Nagasaki, pasando por algúns dos episodios bélicos máis crueis da Historia.

VERDADEIRO ou FALSO?

1. Os Dereitos Humanos existiron dende o principio da humanidade.
2. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos asinouse en Francia, con motivo da Revolución Francesa.
3. Un dos dereitos básicos é o dereito á vida.
4. As Nacións Unidas teñen autoridade para impor os dereitos humanos en todo o mundo.
5. A escravitude existe hoxe en día, a pesar de estar prohibida na maioría dos países.
6. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos asinouse en Francia debido ás graves violacións da 2ª Guerra Mundial.
7. Só as persoas brancas merecen respecto e consideración.
8. Cando cumpren 11 anos, os nenos son libres.
9. O punto de partida dos Dereitos Humanos é recoñecer a dignidade de cada persoa e garantir a nosa dignidade.
10. Aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas.
11. Votaron 68 Estados: 60 a favor e 8 abstivéronse.
12. Todas as persoas teñen os mesmos dereitos porque a dignidade é a mesma para todos.

2.- DILEMA MORAL

Maher Arar. ©Amnistía Internacional

¿Pode estar xustificada a tortura?

En setembro de 2002, Maher Arar, un enxeñeiro canadense nacido en Siria, foi detido sospeitoso de ser un terrorista. Tras interrogalo, enviárono a Siria onde foi brutalmente torturado durante meses ata que asinou todas as confesións, aínda sendo inocente. Un ano despois foi posto en liberdade sen cargos. Polas mesmas datas, axentes norteamericanos torturaban a Khalid Sheik Mohammed, que rematou confesando os nomes dunha ducia de axentes de Al Qaeda sospeitosos de estar a planear atentados terroristas. A policía descubriu que un grupo guerrilleiro colocou unha bomba sucia (con material radioactivo) nalgún punto concorrido dunha gran cidade. Pouco antes da hora fixada para a explosión, logra capturar a un dos membros do grupo.

¿Xustificarías a tortura nalgún caso?

A tortura está prohibida na lexislación internacional. ¿Por que cres que se segue utilizando?